


## A MOCHILA VIAXEIRA



Os nenos e nenas de 2º de primaria ímos a contarvos as nosas experiencias coa mochila viaxeira.

As principio de curso, fíxo-se unha selección de libros e cotitos para meter na mochila que viaxaría de casa en casa durante este curso.

De tempos en tempos, podemos aprender cousas interesantes sobre o espazo, disfrutar coas adiviñas de Gloria Fuertes, coñecer a Clara e vivir as aventuras de Guillermo.



Aquí vos deixamos algunhas das nosas impresións:

Levar a mochila viaxeira foi unha experiencia moi interesante, porque aprendín moito co atlas e divertíñome con "Guillermo, ratón de biblioteca."

(Álvaro)

Mereceu a pena esperar o meu turno para a mochila. Aprendín moito co atlas e divertíñome coas adiviñas de Gloria Fuertes e con Guillermo. Foi unha aventura para min, imaxinei que eu era Guillermo, as flores parecían árbores...

(Juan)

A mochila viaxeira foi unha aventura. E cantóume Guillermo, ratón de biblioteca.

(Carmela)

## Manualidades en 3º para o "Día do libro"



Entre as moitas actividades que fixemos no colexio par celebrar o Día do Libro, os alumnos de 3º queremos contar o ben que o pasamos cortando cartóns, pintando e poñendo bolsas de plástico para facer "Quixotes", "Dulcineas" ou "Sanchos".



Coas caixas de cartón que trouxemos da casa pintamos o que serían os nosos traxes.



Démoslles forma facendo buratos para a cabeza e os brazos.



Con cores e cartolina representamos roupa e armadura.



*Fixemos gorros e vistosos helmets con papel de envolver ou de revistas.*

*As nenas fomos catro Dulcineas moi orixinais.*

*Os nosos traxes eran bolsas de plástico, as de lixo grandes para facer as faldas e as pequenas para o chaleco e o mandil.*



*Con esta indumentaria tan orixinal contamos aos nosos compañeiros quen era Sancho, Quixote e Dulcinea.*